



## UNIDADE 5

# Cal prefires?

Móstrelles aos seus estudantes a fotografía da portadiña e pregúntelles se saben onde se atopa o home que aparece nela. Acepte como válidas respostas como **mercado**, **lonxa** ou **praza**. Despois, chame a atención do alumnado sobre o que ten na man o home: dúas cigalas. Aproveite para introducir o tema das compras e de que aparece vocabulario relacionado con ese ámbito como **mercar**, **caro/barato**, **consumir**...

Faga mención ao título da unidade e apóiese na fotografía para explicalo se fose necesario. Asegúrese de que aparece o termo **escoller**.

Por último, presente os obxectivos e a tarefa final da unidade: facer unha lista das cousas que necesitan para pasar unha fin de semana fóra e decidir como as conseguen.



## 1. NUN BAR

**Escoitar unhas conversas nun bar e recoñecer que tipo de situación se está dando.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Por medio da audición e co apoio das ilustracións, o seu alumnado poderá observar como se comporta a xente galega en certas situacións de contacto social. Todas elas teñen lugar nun bar.

### ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado **relacións entre persoas** e pídalles que digan todos os tipos que coñezan. Dea un exemplo: **compañeiros de traballo**. Intente que cada alumno diga, polo menos, un tipo de relación e que apunte as propostas no encerado.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles que observen con atención as situacións que representan os debuxos e que intenten deducir, en primeiro lugar, a relación que hai entre esas persoas. Advírtaos de que non hai unha única solución, pero si que algunhas poden ser máis lóxicas ca outras.

A continuación, pídalles que intenten descubrir o que pasa en cada ilustración, e remítaos a un modelo de lingua para que o tomen como exemplo. Tamén nesta ocasión hai varias respostas posibles, polo que lle recomendamos que realice unha posta en común meramente ilustrativa ou que pase directamente á seguinte sección, onde comprobarán as súas hipóteses.

**B.** Explíquelles que van escoitar as conversas que se producen nestas catro situacións. Dígalles que teñen que marcar cunha cruz, no recadro correspondente, as accións que se produzan en cada unha das situacións.

Pase a gravación unha segunda vez se o considera necesario, ou pida que comparen o seu cadro co dun compañeiro antes de realizar a posta en común.

### Solución

*Invitar: 1, 4*

*Presentar a alguén: 3*

*Pedirlle algo ao camareiro: 2, 3*

*Pagar: 1*

*Interesarse pola vida de alguén: 2, 4*

*Saudar: 3*

*Despedirse: 4*

*Aceptar un convite: 1*

*Rexeitar un convite: 4*

### E DESPOIS

Pode repartir fotocopias da transcripción (páxina 153) entre

os seus alumnos e asignarlle unha personaxe a cada un deles. Déalles uns minutos para que o preparen e anímeos a interpretar as conversacións ante o resto da clase.

## 2. EU NUNCA LEVO SECADOR DE PELO

**Decidir que pezas de vestir e obxectos persoais hai que levar en situacións determinadas.**

### ANTES DE EMPEZAR

Ensínelles os debuxos e explíquelles que esas son as cousas que Sabela leva na súa maleta para unha viaxe. Pregúntelles: **cantos días pensades que vai estar fóra Sabela: un mes, unha semana ou unha fin de semana? A onde credes que vai?** Remítaos ao enunciado da sección A para comprobar as súas hipóteses.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles que relacionen o vocabulario da lista cos debuxos das cousas que leva Sabela na súa maleta. Antes da posta en común, déixelles comparar as súas hipóteses coas dun compañeiro.

### Solución

- |                        |                         |
|------------------------|-------------------------|
| 1. Cepillo             | 2. Sandalias            |
| 3. Toalla de praia     | 4. Cartos               |
| 5. Camiseta            | 6. Lentes de sol        |
| 7. Pantalóns           | 8. Xampú                |
| 9. Xel de baño         | 10. Protector solar     |
| 11. Aspirinas          | 12. Carné de identidade |
| 13. Cepillo de dentes  | 14. Pasta de dentes     |
| 15. Bragas             | 16. Libros              |
| 17. Secador de pelo    | 18. Suxeitador          |
| 19. Xersei             | 20. Traxe de baño       |
| 21. Tarxeta de crédito | 22. Zapatos             |

Se vostede traballa con alumnado estranxeiro, aproveite para explicar que o carné de identidade (ou DNI, documento nacional de identidade) é o principal documento de identidade dos galegos. Explique que a palabra **carné** serve tamén para referirse a calquera pequena tarxeta cos nosos datos identificativos: **carné de biblioteca, carné da universidade...**

**B.** Pídalles que, individualmente, fagan a súa propia lista coas cousas que levan cando saen de fin de semana. Se necesitan máis vocabulario, poden usar o dicionario ou preguntarlle a vostede. Cando rematen de facer as súas listas, divida o seu estudantado en parellas e pídalles que as comparen coa de Sabela.

**C.** A continuación, pídalles que relacionen as dúas columnas do cadro. Na da esquerda aparecen unha serie de situacións; na da dereita, unha serie de obxectos que se corresponden con cada unha desas situacións. Aclare, se fose necesario, que a expresión **ter que** + infinitivo serve para expresar necesidade...

# Cal prefires?

## E DESPOIS

Para completar e practicar o vocabulario da roupa, pídalles que escriban nun papel como van vestidos. Vostede pode ofrecer un modelo escribindo no encerado a roupa que leva:

**Levo uns zapatos negros, uns pantalóns grises, unha camiseta branca e un xersei vermello.**

Mentres escriben, pasee pola clase e axúdeos se llo piden. Cando rematen, recolla todos os papeis, desordéneos e repártaos de maneira que a ninguén lle toque o seu. Pídalle despois a cada estudante que lea en voz alta o que pon no papel que lle tocou. O resto ten que escoitar e decidir a quen lle corresponde esa roupa.

## MÁIS EXERCICIOS

Páxina 113, exercicios 1 e 2.



## 3. ESTA OU ESA?

**Observar o funcionamento dos demostrativos en galego.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade preséntanse as formas dos demostrativos. A primeira aproximación faise atendendo á concordancia co substantivo en xénero e número. Logo, mediante unhas ilustracións, ofrécese a posibilidade de reflexionar sobre o uso específico dunha forma ou doutra en función da posición dos obxectos aos que fan referencia con respecto á posición dos falantes.

Este é un tema bastante complicado, sobre todo para os estudantes cunha lingua materna que non dispoña destas tres variantes, polo que lle recomendamos que aproveite calquera situación posterior para chamar a atención dos seus alumnos e alumnas sobre o emprego dos demostrativos.

Se o prefire, pode levar a cabo a actividade alterando a orde das epígrafes dos seguintes xeitos: A, C e B ou C, A e B.

Se os seus estudantes non son galegos, permítalles realizar as reflexións que precisen na súa lingua materna ou, se as comentan entre eles e son de nacionalidades diversas, nunha lingua vehicular.

### ANTES DE EMPEZAR

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que observen as ilustracións que aparecen na actividade e preguntelles onde se atopan as personaxes. Acepte como respostas: nun **centro comercial**, nunha **tenda** ou nun **comercio**.

## PROCEDEMENTOS

**A.** Chame a atención dos seus estudantes sobre as palabras destacadas en grosa e pídalles que relacionen cada unha delas cunha das catro preguntas. Tamén deben relacionar cada pregunta coa resposta correspondente. Poden anotalo todo no cadro que se ofrece debaixo.

### Solución

Pregunta	Resposta	Refírense a...
1	c	Xersei
2	d	Camiseta
3	a	Zapatos
4	b	Sandalias

**B.** Pídalles agora que se fixen nas situacións proporcionadas nas ilustracións e que relacionen cada unha co diálogo correspondente.

### Solución

*Viñeta 1: 2-d Viñeta 2: 4-b Viñeta 3: 3-a Viñeta 4: 1-c*

Pregúntelles se entenden a que se debe o uso das diferentes formas dos demostrativos. Permítalles fixarse con calma nos diálogos e nas ilustracións e comentar as súas hipóteses cun compañeiro ou compañeira. Anímeos, despois, a poñer as súas conclusións en común. Se fose necesario, aclare que o uso depende da situación, con respecto aos falantes, dos obxectos aos que se fai referencia. Así, **este** está en relación co espazo da persoa que fala (sobre todo se ten contacto físico co obxecto, aquí); **ese** está en relación co espazo da persoa que escoita (viñeta 1) ou cun espazo relativamente próximo aos falantes (viñeta 4), aí; por último, **aquel** está en relación cun espazo que o falante considera fóra de aquí e aí, alí (viñetas 2 e 3).

Dea vostede máis exemplos con obxectos que se atopen na aula, poñéndoo en relación coa súa posición e coa do estudante ou estudantes aos que se dirixa.

**C.** Faga que os seus estudantes marquen cunha cruz o xénero e o número dos substantivos que apareceron na actividade no cadro proporcionado. Logo, pode animalos a ler a parte da gramática referida aos demostrativos (páxinas 45 e 133) para que reflexionen un pouco máis e observen outros exemplos. Anímeos a preguntarlle calquera dúbida que poida xurdir.

## MÁIS EXERCICIOS

Páxina 115, exercicio 7.

## 4. NUNHA TENDA

**Recoñecer deferentes recursos para comprar nunha tenda: preguntar por produtos, pedir prezos...**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade os seus estudantes familiarizaranse con algúns dos recursos que se empregan á hora de comprar nunha tenda. Se lle parece oportuno, explique a función de cortesía do copretérito na petición **quería un bolígrafo**.

Non é necesario que afonde no paradigma deste tempo verbal.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Pídalles aos seus estudantes que lean e escoiten a conversación que manteñen nunha tenda unha vendedora e un cliente, e pídalles que completen o cadro. Antes de poñer a audición, lea o contido do cadro con eles e, se fose necesario, aclare calquera dúbida sobre o que se pregunta.

**Solución**

1. *Un bolígrafo*  
*Quería un bolígrafo.*
2. *Si*  
*Canto custan?*
3. *Si*  
*Levo este.*

**B.** Pídalles que completen as dúas preguntas.

**Solución**

1. *Custan*
2. *Custa*

Se traballa con alumnado estranxeiro, faga énfase na concordancia entre o verbo **custar** e o substantivo suxeito: aquilo que queremos comprar.

Para rematar, pode volver ao diálogo e facerlles notar que ten un carácter formal. Se a situación fose máis informal, podería ser que, en vez de **que desexas?**, o vendedor empregase **que quería/s?**

Podería ser que algún estudante se sorprenda de que non se empregue **por favor** ou **grazas** en todo o diálogo, xa que noutras linguas as regras de cortesía farían obrigatorio o seu emprego. Sinale que en galego tamén se poden usar estas fórmulas se o prefiren, aínda que non de maneira inescusable: a entoación da frase pode modificar o seu carácter máis ou menos imperativo.

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 112, exercicios 4 e 5.

**E DESPOIS**

Fotocopie e recorte as tarxetas da **ficha 11** déallas a cada parella de estudantes. Pídalles que as estendan na mesa e que as lean. Son dous diálogos mesturados (un formal e outro informal). Primeiro teñen que separar as tarxetas de cada diálogo e despois pór en orde as intervencións.

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 113, exercicio 3.  
Páxina 114, exercicio 4.

**5. HORARIOS DE TRABAJO**

Recoñecer algúns usos do imperativo con **ti** e **vostede**.

**OBSERVACIÓNS PREVIAS**

Mediante esta actividade o seu alumnado aprenderá a

recoñecer as formas de imperativo de **ti** e **vostede** para algúns verbos moi concretos empregados con frecuencia en situacións de contacto social.

O obxectivo desta actividade é que o seu alumnado recoñeza algúns usos do imperativo, non que aprenda a súa formación e uso completo. Iso farano máis adiante.

**ANTES DE EMPEZAR**

Explíquelles aos seus alumnos que van ler unha serie de frases que se empregan normalmente en situacións de contacto social. Pídalles que as lean e que traten de dicir quen llas di a quen e onde. Faga a primeira con eles para que teñan un exemplo: un cliente a un camareiro nun bar.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Remítaos ás 8 frases desta sección e pídalles que subliñen o verbo que está en imperativo en cada unha delas. Teña en conta que só nas frases 2 e 4 hai máis dun verbo. No resto, o verbo que hai está en imperativo.

**Solución**

- |                   |                   |
|-------------------|-------------------|
| 1. <i>Cóbreme</i> | 2. <i>Deixa</i>   |
| 3. <i>Teña</i>    | 4. <i>Mira</i>    |
| 5. <i>Oía</i>     | 6. <i>Chámame</i> |
| 7. <i>Póñame</i>  | 8. <i>Toma</i>    |

**B.** Explíquelles que a continuación teñen que colocar os verbos en imperativo no lugar correspondente do cadro.

Por último, remítaos á páxina de gramática e, se o considera necesario, axúdeos a reflexionar sobre as funcións do imperativo nas frases que viron:

1. Pagar
2. Invitar
3. Entregar algo
4. Introducir unha explicación
5. Captar a atención de alguén
6. Facer unha petición
7. Facer unha petición
8. Invitar

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 115, exercicios 5 e 6.



**6. BINGO**

Os números a partir de 100.

**OBSERVACIÓNS PREVIAS**

Esta actividade céntrase nas centenas e na súa flexión de xénero segundo se refiran a un substantivo masculino ou feminino (euros ou libras neste caso).

# Cal prefires?

## ANTES DE EMPEZAR

Remita o seu estudiantado á sección “Numerais” da páxina de gramática e presente os números do cen ao mil millóns. Comente que para 500 existen dúas formas: **cincocentos e quiñentos** e a posible alternancia entre **mil** e **un milleiro**. **Milleiro** pode indicar mil unidades (tamén **millar**), pero tamén é unha medida que se emprega para a venda do peixe e que varía segundo as zonas e ás veces emprégase co significado de conxunto grande e indeterminado simplemente (= **millar**). En matemáticas, para a descrición de cifras emprégase **millar**, non **milleiro (decena de millar)**.

Móstrelles o cartón de bingo cos dous exemplos proporcionados e escribaos no encerado: **douscentos (euros)** e **duascentas (libras)**. Subliñe as terminacións (-os/-as) que indican o xénero.

## PROCEDEMENTOS

**A.** Explíquelles aos seus alumnos que van xogar cun cartón de bingo un pouco especial: só con centenas e cos números en cifras e letras. Antes de empezar a xogar, pídalles que cubran o cartón e recórdelles que as centenas concordan en xénero co substantivo. Faga unha posta en común antes de pasar á seguinte sección.

**B.** Indíquelles, a seguir, que deben eliminar cinco números do seu cartón, os que eles queiran, e dígalles que van escoitar aleatoriamente todos os números do cartón. Cada vez que escoiten un número dos que non riscaron, téñeno que riscar. Lémbrelles que o primeiro que consiga riscar todos os números do seu cartón ten que gritar (cantar): **Bingo!**

## 7. QUE XERSEI PREFIRES?

**Expresar preferencias.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se lle parece necesario, pode aproveitar para que o seu estudiantado observe a selección dos demostrativos segundo factores de espazo e distancia. Busque pola clase tres obxectos do mesmo tipo: mochilas, por exemplo. Póñaas fronte aos seus alumnos e, tocándoas, pregúntelle a un deles: **Cal prefires? Esta, esta ou esta?** A resposta, necesariamente, deberá empregar a forma **esa**. Ademais, pídalle que a identifique coa estrutura **a + adxectivo (a negra**, por exemplo).

### PROCEDEMENTOS

Lea a mostra de lingua e pídalles que fagan o mesmo en parellas. Fágalles ver, se fose necesario, que neste caso non poden empregar a fórmula **Cal prefires?**, xa que non saben a que obxecto se refiren, polo que teñen que usar a estrutura **que + substantivo**.

### E DESPOIS

Pode continuar coa actividade se leva á clase un catálogo (de mobles, roupa, electrodomésticos...) no que aparecen diferentes obxectos da mesma categoría. Se o prefire, pode

obter imaxes útiles en Internet en páxinas web, como por exemplo:

[www.mango.es](http://www.mango.es)  
[www.inditex.es](http://www.inditex.es)  
[www.elcorteingles.es](http://www.elcorteingles.es)

## 8. PREMIOS

**Representar unha situación na que unhas persoas venden e outras compran unha serie de obxectos.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Leve vostede algúns obxectos (libros, CD...) por se non houberse suficientes na clase.

### ANTES DE EMPEZAR

Se ten alumnos extranxeiros, pregúntelles se entenden a que se refire a palabra *feira* e, se fose necesario, aclare que se trata dun mercado especial que se fai ao aire libre nuns días concretos do mes. Interésese por saber se nos seus lugares de orixe se fai algo parecido.

### PROCEDEMENTOS

Divida a clase en dous grupos: uns serán vendedores e outros clientes. Déalles aos clientes 50 euros de moeda falsa en billetes de 10 e 5 euros (fotocopie os que lle ofrecemos aquí). Aos vendedores, pídalles que busquen pola clase tres obxectos do mesmo tipo: tres mochilas, tres xerseis, tres teléfonos móbiles... e que cada un busque un lugar na clase para montar o seu posto. Ademais, teñen que pensar nos prezos dos seus produtos (non máis de 35 euros por cada cousa).

Antes de comezar coa actividade, repase con eles o cadro de axuda que aparece no libro e lémbrelles a diferenza entre o rexistro formal e o informal. Dígalles aos clientes que xa poden comezar o seu día de compras: teñen que mercar tres cousas cos seus 50 euros.

Se detecta erros durante a interacción, anóteos e coménteos cando os seus estudantes rematen a actividade.

### E DESPOIS

Se lle parece interesante, leve á clase imaxes de feiras auténticas para que os seus estudantes as vexan. Comente con eles aqueles aspectos que lle parezan destacables, como, por exemplo, o habitual que é o regateo neste tipo de mercados ou o tipo de postos que adoita haber.

## 9. UNHA FIN DE SEMANA EN PORTONOVO

**Decidir as cousas que teñen que levar para pasar unha fin de semana en Portonovo e como conseguilas.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta tarefa final preténdese que os estudantes leven

a cabo un proceso de negociación (sección A) e que cheguen a conclusións sobre como conseguir unha serie de obxectos (sección B)

#### ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado **Portonovo** e, se fose necesario, informe os seus estudantes de que se trata dunha localidade costeira. Se xa a coñecesen ou oísen falar dela, pídalles que lle digan o que saben sobre esa localidade.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Dígalle ao seu estudantado que vai pasar unha fin de semana en Portonovo. Cada un leva a súa roupa e obxectos persoais, pero tamén poden compartir certas cousas. Pídalles que formen grupos de tres e que pensen cinco cousas que van necesitar e que van compartir. Lea en voz alta a mostra de lingua como exemplo.

**B.** Cando xa saiban as cinco cousas que van compartir, pídalles que pensen en como as van conseguir: **tendes esas cousas, tendes que compralas ou pódevolas prestar alguén?** Remítaos á mostra de lingua e déalles o tempo necesario para que o falen.

Por último, cada grupo ten que explicarlle ao resto que cousas vai levar e como as vai conseguir.

#### Solución

*Año de creación: 1975*

*Número de marcas: 7*

*Número de países nos que está presente: 64.*

**C.** Para rematar, pregúntelles se coñecen outras empresas galegas que contén con presenza noutros países. Se non se lles ocorre nada, diga vostede algúns nomes, como **Adolfo Domínguez, Roberto Verino** ou **Pescanova**.



## 10. MÁIS DE 3.000 TENDAS DE ROUPA EN TODO O MUNDO

Ler un artigo sobre unha empresa galega.

#### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelle ao seu alumnado se ten roupa das marcas Zara, Pull&Bear, Massimo Dutti ou Bershka. Sabe de onde son esas marcas?

Presente logo o grupo Inditex como un grupo empresarial dunha gran proxección internacional que ten en propiedade diferentes marcas de roupa. Cada unha desas marcas é unha cadea porque ten máis dunha tenda.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Anímeos a ler o texto que fala sobre a historia de Inditex e a sinalar todas as marcas que coñecen.

**B.** A continuación, pídalles que volvan ao texto e que extraian a información necesaria para completar o cadro coa información que falta.